

## BANDO MUNICIPAL

**DON ÓSCAR A. GARCÍA PATIÑO, ALCALDE EN FUNCIONES DO CONCELLO DE CAMBRE, FAGO SABER QUE:**

Con motivo da celebración da festividáde de San Xoán, dítase o presente bando que contén as normas para a realización das tradicionais cacharelas e sardiñadas.

Para a realización de cacharelas e/ou sardiñadas en **espazos públicos**, deberase solicitar a oportuna autorización municipal antes das 13.00 horas do día 22 de xuño, na que se deberá indicar o DNI do responsable, que deberá ser maior de idade, así como o lugar do emprazamento.

De forma presencial, os interesados poderán solicitar a autorización nos seguintes rexistros municipais:

- 1.- Concello de Cambre: os días 13, 14, 16, 19 e 21 de xuño de 10:00 a 14.00 horas.
- 2.-Servizos Múltiples (antigo Centro Médico): os días 15 e 20 de xuño de 10:00 a 13:00 h.

Por outra banda, os interesados poderán realizar a súa solicitude a través dun formulario electrónico desde a páxina web municipal ata as 13.00 horas do día 21 de xuño.

Só se concederán permisos para cacharelas ou sardiñadas na noite do 23 ao 24 de xuño.

O horario para levar o material establecése a partir das 16.00 horas do día 23 de xuño.

**Queda prohibido facer calquer tipo de fogo ou cacharela sobre BEIRARRÚAS, prazas públicas, ou calquera superficie que poida quedar danada polo fogo ou a cinza, agás en lugares autorizados polo Servizo Municipal de Emerxencias.**

Deberase ter limpo un radio de 5 metros arredor da cacharela. As cacharelas non poderán ter unha altura superior á que determinen os servizos de emerxencias e seguridade municipais, que poderán inspeccionalas, aínda que, como norma xeral, non superarán os 2,5 metros de altura. Deberanse situar como mínimo a 15 metros de colectores, vehículos, vivendas, farois, etc... e en ningún caso baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, debendo coidar que nos arredores non exista ningún local onde se almacenen produtos inflamables.

Prohibérese o uso de combustibles e acelerantes así como a queima de neumáticos, plásticos, escuma de poliuretano e, en xeral, de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.

Deberase contar con extintor ou medios axeitados para actuar en caso necesario.

O responsables das cacharelas e/ou sardiñadas deberán atender, en todo momento, as esixencias dos servizos de Emerxencias e Seguridade municipais que, por razóns de seguridade, poderán ordenar a retirada ou modificación dos seus elementos.

A hora límite para rematar a celebración é ás 03:30 horas da madrugada. Ao remate, os responsables da organización coidarán de que os restos queden totalmente apagados e deberán limpar o espazo autorizado antes de 24 horas. En caso contrario, deberán asumir o custo da limpeza que poderán efectuar os servizos de limpeza municipais.

Cambre, 2 de xuño de 2023

O Alcalde de Cambre en funcións

Óscar A. García Patiño

**TELÉFONO PARA CALQUERA DÚBIDA RELACIONADA CO BANDO: 606 309 956**